

NOTA DE PRENSA

Psicólogos e psicólogas de emerxencias fórmanse sobre as técnicas de autocoidado que precisan tras as súas intervencións

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2014.- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia programa para os vindeiros días 23 e 24 de maio unha actividade formativa destinada aos membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE). Trátase dun curso teórico-práctico orientado ao autocoidado de intervinientes destinado, neste caso, a aquelas persoas que traballan en situacións de emerxencias (coidado de coidadores/as).

Os principais obxectivos deste curso son coñecer os riscos da intervención en emerxencias e os recursos de afrontamento cos que conta cada persoa e o equipo no seu conxunto; minimizar o impacto dos riscos psicosociais e favorecer a activación dos recursos propios, así como a adquisición de novas habilidades. Para conseguir isto empregárase unha metodoloxía grupal e participativa.

A día de hoxe, a maior parte das guías internacionais sobre boas prácticas recomendan ás organizacións que contan con plans específicos para o coidado dos seus membros. Os beneficios de coidar ás persoas e aos equipos que traballan en situacións complexas, así como as desvantaxes de non facelo, están amplamente documentados.

A docente

A encargada de impartir o curso é **Inmaculada Albi Gascó**, psiquiatra na Consellería de Sanidade da Generalitat Valenciana. Membro de SiRa, rede multidisciplinar que traballa no campo da Clínica, a psicoterapia, a cooperación internacional, a axuda humanitaria e o traballo en ONGs. Actualmente participa en actividades formativas, apoio a cooperantes e a equipos e persoas vítimas de violencia política e social. Experta en coidado de equipos en organizacións como Médicos Sin Fronteras e Médicos del Mundo.

Sáudos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
686 994 089
Raquel Miranda
634 599 932
comunicacion@copgalicia.org

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es